

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 18/07/1978**

**Colección:**

**Data:** 18/07/1978

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Francisco Fernández del Riego;

**Orixes:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixes:**

Montevideo, 1985, 13° (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Escrito a man na marxe superior esquerda:] [Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Mencionados:**

Domingo García-Sabell; Evelina Hervella; César Antonio Molina; Rodolfo Prada; Maruxa Seoane; Lorenzo Varela;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 18/07/1978**

Montevideo 1985-13° Dto. 68 1021-Bs Aires

Buenos Aires, 18 Xulio de 1978

Sr. D. Francisco F. Del Riego

Vigo

Querido Del Riego:

Acompaño a estas liñas unha nota que fixen respondendo a crítica que fixo Cesar Antonio Molina á Antoloxía de Nordés. Non sei quen é Cesar Antonio Molina, pero, no que escribe ao se referir a min, teño a impresión de que non quería quedar mal conmigo, e teño a necesidade de dicir o que penso do que fago sin me importar o que din os críticos. Si me tivese importado fai tempo que tería que deixar de traballar

nas miñas cousas. Quixera publicala no Faro de Vigo, na páxina literaria dos domingos, si a ti che parece ben, pois por razóns que sei comprendes non podo facelo na Voz de Galicia.

Estes días chega Domingo. Estou desexando velo e falar con él. Pra nós será unha festa. Non sabemos nada de Galicia dende fai moito, e desexamos escoitalo. Estamos soios logo de marchar pra esa Lorenzo Varela, e non teño vínculo algún coa colectividade. Soio con Prada, a quen vexo pouquísimo por razóns de saúde de Manolita.

Si me publican esta nota pregaríache que me enviases o recorte. Tamén gustaríame moito continuar facendo “Figuracións”, a sección que fixen tres ou catro anos seguidos na Voz de Galicia, quixera que consultases tamén esto no Faro, non sei de quen depende. Nos non sabemos que facer, si voltar a Galicia pra nos quedar a vivir nela, ou quedarnos eiquí, onde teño unha vida feita, unha gran biblioteca que tería que desfacer e unha cantidade moi grande de cadros, grabados, tacos de madeira, dibuxos, etc. Non sabemos que facer. Teño medo a voltar. Penso que Maruja ten menos. Mais calquer decisión nosa é común. Teño ganas de traballar ahí. Mais logo do meu fracaso co Museo o meu traballo ten de sere individual, ou con xente que pense en Galicia non dende o punto de vista industrial.

¿Cómo foi acollido Galicia 2002?. Eu non sei tampouco nada de esto. Dime o teu parecer, o dos amigos. A parte miña foi moi descoidada e, en mais, incorporeime tarde ó grupo. Escíbeme, preciso de comunicación con vos, teño necesidade de noticias de todos vos. E procura que se publique a miña resposta a La Calle, si a ti che parece ben.

Unha gran aperta de Maruxa e miña pra Evelina a pra ti.

Seoane

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.